

II XORNADAS DA ACADEMIA GALEGA DE TEATRO NO PAZO DE MARIÑÁN

CONCLUSIÓNS

- Considerouse de grande interese o proxecto de Lei de Dereitos Culturais no que está a traballar o grupo parlamentar do BNG e no que deberían participar o resto de grupos do Parlamento.
- A falta de políticas culturais no eido teatral afecta igualmente a xestores culturais e a compañías.
- A política de subvencións actuais afecta negativamente a compañías e xestores culturais que realizan programacións, polo que cómpre unha revisión deste modelo.
- O desequilibrio actual entre a oferta e a demanda fomenta a precariedade e non a sustentabilidade.
- A excesiva burocratización do sistema afecta aos tempos, procesos creativos e de xestión de forma negativa.
- A desatención, desidia e falta de control da RGTA e a súa incapacidade de asumir os cambios, delata unha xestión deficiente.
- O modelo actual da RGTA, como única canle de distribución en Galicia, obriga a unha dependencia absoluta a compañías e concellos.

- Precísase unha reformulación do sistema actual que teña en conta a diversidade de creación, formatos, espazos e programación; para garantir a sustentabilidade, contribuír á democratización e compensar os desequilibrios da RGTA.
- Vese necesaria a creación dun centro público de recursos escénicos.
- É necesario explorar modelos de tempadas teatrais que contribúan ao desenvolvemento de audiencias.
- Tanto as compañías como os circuítos atopan carencias técnicas e de persoal cualificado.
- Os xestores culturais que realizan traballos de programación son parte fundamental do sistema teatral, polo que é imprescindible unha relación colaborativa entre estes e as compañías creando espazos de diálogo e de empatía para a definición e construción do sistema teatral galego.
- No eido da xestión cultural é necesario incorporar perfís técnicos con formación e funcións definidas nas RPTs de todas as administracións públicas.

A AGT propón a Escena Galega e a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, que creen unha comisión, convidando a AGADIC a formar parte dela, coa finalidade de pactar un plan de reformulación dun novo modelo de rede de exhibición de artes escénicas que responda ás necesidades e realidades do territorio (a curto, medio e longo prazo), establecendo os obxectivos e orzamentos axeitados.